

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0637	Técnicas de uñas artificiais	2023/2024	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MONTSERRAT CANEDA RAVIÑA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo "Técnicas de uñas artificiais" capacita ó alumno/a para exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas con relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos persoais, concretamente en establecementos de estética e peiteado relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, e realizando asesoramento e atención a clientela, así como comercialización de produtos e servizos estéticos. Podería ser traballador por conta propia organizando a súa propia empresa.

As ocupacións e postos de traballo mais relevantes en relación cos contidos deste módulo son os seguintes:

- Técnico/a esteticista en centros de beleza e gabinetes de estética.
- Técnico/a en uñas artificiais.
- Asesor/vendedor/demostrador en perfumerías e droguerías.
- Departamentos de Estética de empresas adicadas en especial ó tratamento, corrección e decoración de uñas
- Equipos técnicos dependentes de laboratorios e marcas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética persoal, como técnicos, probadores, demostradores e vendedores.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Espazo de traballo. Organización e hixiene.	Instalacións, mobiliario, utilaxe e aparatoloxía. O profesional: indumentaria, aptitudes e actitudes. O cliente: recepción, atención, protección, ficha técnica... Técnicas de seguridade e hixiene a empregar para a realización de técnicas de uñas artificiais.	12	8
2	Estudo estético de mans, pes e uñas.	Coñecementos básicos da anatomía de mans, pes e uñas. Alteracións.	5	4
3	Técnicas de uñas artificiais: características e cosméticos.	Uñas artificiais. Clasificación, características e cosméticos específicos empregados. Novidades do sector. Pautas de construción	13	8
4	Maquillado e decoración de uñas artificiais.	Técnicas de maquillado e decoración de uñas encapsuladas, 3D, con pinturas acrílicas...	25	18
5	Uñas artificiais I. Sistema de construción híbrido con acríxel ou polixel.	Construción de uñas con sistema híbrido ou acríxel: acondicionamento da unlla, colocación de tip/molde, elaboración da unlla lisa, francesa... Recheo e eliminación da unlla de acríxel.	18	17
6	Uñas artificiais II. Sistema de construción con xel.	Construción de uñas con xel: acondicionamento da unha, colocación de tip/molde, elaboración da unha lisa, francesa... Recheo e eliminación da unha de xel.	22	18
7	Uñas artificiais III. Sistema de construción con acrílico.	Construción de uñas con acrílico: acondicionamento da unha, colocación de tip/molde, elaboración da unha lisa, francesa... Recheo e eliminación da unha de acrílico.	22	18
8	Uñas artificiais IV. Reconstrución e mantemento de uñas artificiais.	Técnicas de reconstrución, mantemento e eliminación de uñas artificiais.	6	6
9	Análisis e control de calidade nos procesos de uñas artificiais.	Parámetros para medir a calidade do servizo, grado de satisfacción do cliente e medidas correctivas.	3	3

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Espazo de traballo. Organización e hixiene.	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o procedemento de elaboración de uñas artificiais en relación co estado da unha e a morfoloxía dos dedos	NO
RA2 - Prepara o lugar de traballo en condicións de seguridade e hixiene, e describe as instalacións, os materiais, os equipamentos e os cosméticos empregados	NO
RA5 - Mantén a unha artificial efectuando a súa restauración con técnicas de recheo e renovación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Valóuse a imaxe do persoal nos servizos de estética
CA1.8 Aplícanse os protocolos de recepción
CA1.9 Rexístranse os datos de interese profesional na ficha técnica
CA2.1 Identifícanse as áreas de traballo para a realización de uñas artificiais, e describíronse espazos e sistemas de seguridade
CA2.2 Descríbense as normas dunha correcta imaxe profesional
CA2.3 Identifícanse as normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores
CA2.4 Valóuse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial
CA2.5 Detállanse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela
CA2.6 Simúlase a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento
CA2.7 Caracterízanse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de uñas artificiais
CA2.8 Identifícanse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño da profesión de estética
CA2.9 Identifícanse os equipamentos para a aplicación de uñas artificiais
CA2.10 Escóllese o tipo e os parámetros do torno, da lámpada UV (velocidade e potencia) e das fresas (forma, grosor e dureza), así como as precaucións para o seu uso
CA2.11 Organízanse os materiais, os utensilios e os aparellos para realizar as uñas artificiais: tips, resinas, polímeros, lámpadas UV, torno, fresas, etc
CA2.12 Organízase a conservación e o mantemento de utensilios e aparellos
CA2.13 Aplícanse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización
CA2.15 Valóuse a importancia dos equipamentos de protección individual
CA2.16 Estúdase a normativa de riscos e protección ambiental

Crterios de avaliación

CA5.7 Elimináronse de xeito selectivo os residuos xerados durante o proceso

4.1.e) Contidos**Contidos**

Profesional e clientela nestes procesos. Recepción e toma de datos: ficha técnica. Arquivo e conservación da documentación.

Instalacións: definición de necesidades e normas para a instalación. Deseño de espazos: importancia da iluminación (luz artificial e natural), a ventilación e a extracción do aire.

Aplicación de medidas de hixiene, desinfección e esterilización.

Aplicación de medidas de protección individual (autoprotección).

Organización do servizo de uñas artificiais: preparación do lugar de traballo e dos equipamentos.

Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).

Normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.

Importancia do traballo en equipo.

Recepción e atención á clientela nos servizos de uñas artificiais. Normas para a primeira cita.

Seguridade e hixiene no proceso de uñas artificiais: ergonomía e hixiene postural

Actitudes, destrezas e habilidades do persoal profesional da estética e a beleza.

Utensilios e aparellos: criterios de selección; pautas de conservación, selección e manexo antes do seu uso e despois

Reciclaxe de residuos das uñas artificiais.

Ficha de seguimento.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Estudo estético de mans, pes e uñas.	5

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o procedemento de elaboración de uñas artificiais en relación co estado da unha e a morfoloxía dos dedos	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse as características estéticas e morfolóxicas das uñas e dos dedos das mans e dos pés
CA1.2 Detalláronse as alteracións e as incidencias que inflúen nos procesos de elaboración das uñas artificiais
CA1.3 Descríbóronse as contraindicacións relativas ou absolutas para estas técnicas

4.2.e) Contidos

Contidos
Estudo estético de mans, pés e uñas. Morfoloxía das mans, do pés e das uñas.
Identificación de alteracións que inflúen nos procesos de elaboración de uñas artificiais.
Causas: malformacións, alteracións e traumatismos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnicas de uñas artificiais: características e cosméticos.	13

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o procedemento de elaboración de uñas artificiais en relación co estado da unha e a morfoloxía dos dedos	NO
RA2 - Prepara o lugar de traballo en condicións de seguridade e hixiene, e describe as instalacións, os materiais, os equipamentos e os cosméticos empregados	NO
RA3 - Aplica próteses da unha seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Clasifícanse os tipos de uñas artificiais (características, procedementos e métodos)
CA1.5 Determinouse a finalidade da aplicación das uñas artificiais
CA1.6 Sinaláronse criterios de viabilidade para a súa aplicación
CA2.14 Identifícanse os cosméticos específicos para a realización de uñas artificiais, así como a súa orde de aplicación
CA3.2 Elixíronse os tips ou os moldes para este proceso
CA3.4 Determináronse os factores que proporcionan unha ancoraxe perfecta do tip
CA3.5 Realizáronse os procesos de manicura e pedicura previos á aplicación de uñas artificiais
CA3.6 Realizouse a preparación específica da unha natural
CA3.11 Aplicación das técnicas de limado e conformación da unha artificial
CA3.12 Caracterizáronse as diferentes conformacións da unha natural

4.3.e) Contidos

Contidos
Uñas artificiais: clasificación de técnicas; criterios de selección.
Cosméticos empregados na elaboración de uñas artificiais: criterios de selección; pautas de conservación, selección e manexo antes do seu uso e despois.
Proceso de manicura e pedicura previo á execución.
Desenvolvemento de técnicas de uñas artificiais: Técnica de acondicionamento do molde ou tip. Técnica de ancoraxe da aplicación do molde ou tip. Técnica de aplicación de moldes ou patróns. Técnica de elaboración unha de resina-acrílico. Técnica de unha de xel. Técnicas novas de uñas artificiais. Técnicas de mantemento e conservación das uñas artificiais.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Maquillado e decoración de uñas artificiais.	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Decora as uñas artificiais desenvolvendo distintas técnicas	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Realizáronse deseños gráficos de maquillaxes para uñas
CA4.2 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con esmalte, pincel e punzón
CA4.3 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con aerógrafo
CA4.4 Realizáronse técnicas de fantasía: altorrelevo, baixorrelevo e pegado
CA4.5 Aplicáronse técnicas de piercing no bordo libre da uña
CA4.6 Realizáronse diversos tipos de maquillaxe de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, marmoreamento, florais e fantasías

4.4.e) Contidos

Contidos
Técnica de perforación e ancoraxe de piercing no bordo libre.
Técnicas de decoración e maquillaxe de uñas artificiais: Técnica de maquillaxe con esmaltes, pincel e punzón. Técnica de aerógrafo. Técnicas de fantasía: altorrelevo, baixorrelevo e pegado. Tipos de maquillaxes de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, florais, marmoreamento e fantasía.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Uñas artificiais I. Sistema de construción híbrido con acríxel ou polixel.	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica próteses da unha seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO
RA5 - Mantén a unha artificial efectuando a súa restauración con técnicas de recheo e renovación	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Planifícase a acomodación da persoa usuaria con criterios de confortabilidade e seguridade
CA3.2 Elixíronse os tips ou os moldes para este proceso
CA3.3 Adaptáronse os tips personalizando a súa forma
CA3.4 Determináronse os factores que proporcionan unha ancoraxe perfecta do tip
CA3.5 Realizáronse os procesos de manicura e pedicura previos á aplicación de uñas artificiais
CA3.6 Realizouse a preparación específica da unha natural
CA3.7 Empregouse a técnica de xel, con e sen lámpada
CA3.7.1 Empregouse a técnica de acríxel ou técnica híbrida
CA3.10 Aplicáronse uñas artificiais con decoracións incluídas
CA5.8 Documentouse graficamente, na ficha técnica, o antes e o despois do proceso

4.5.e) Contidos

Contidos
Proceso de manicura e pedicura previo á execución.
Desenvolvemento de técnicas de uñas artificiais: Técnica de acondicionamento do molde ou tip. Técnica de ancoraxe da aplicación do molde ou tip. Técnica de aplicación de moldes ou patróns. Técnica de elaboración unha de resina-acrílico. Técnica de unha de xel. Técnicas novas de uñas artificiais. Técnicas de mantemento e conservación das uñas artificiais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Uñas artificiais II. Sistema de construción con xel	22

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica próteses da unha seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO
RA5 - Mantén a unha artificial efectuando a súa restauración con técnicas de recheo e renovación	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Planifícase a acomodación da persoa usuaria con criterios de confortabilidade e seguridade
CA3.2 Elixíronse os tips ou os moldes para este proceso
CA3.3 Adaptáronse os tips personalizando a súa forma
CA3.4 Determináronse os factores que proporcionan unha ancoraxe perfecta do tip
CA3.5 Realizáronse os procesos de manicura e pedicura previos á aplicación de uñas artificiais
CA3.6 Realizouse a preparación específica da unha natural
CA3.7 Empregouse a técnica de xel, con e sen lámpada
CA3.7.2 Empregouse a técnica de xel con e/ou sen lámpara
CA3.10 Aplicáronse uñas artificiais con decoracións incluídas
CA5.8 Documentouse graficamente, na ficha técnica, o antes e o despois do proceso

4.6.e) Contidos

Contidos
Proceso de manicura e pedicura previo á execución.
Desenvolvemento de técnicas de uñas artificiais: Técnica de acondicionamento do molde ou tip. Técnica de ancoraxe da aplicación do molde ou tip. Técnica de aplicación de moldes ou patróns. Técnica de elaboración unha de resina-acrílico. Técnica de unha de xel. Técnicas novas de uñas artificiais. Técnicas de mantemento e conservación das uñas artificiais.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Uñas artificiais III. Sistema de construción con acrílico.	22

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica próteses da unha seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO
RA5 - Mantén a unha artificial efectuando a súa restauración con técnicas de recheo e renovación	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Planifícouse a acomodación da persoa usuaria con criterios de confortabilidade e seguridade
CA3.2 Elixíronse os tips ou os moldes para este proceso
CA3.3 Adaptáronse os tips personalizando a súa forma
CA3.4 Determináronse os factores que proporcionan unha ancoraxe perfecta do tip
CA3.5 Realizáronse os procesos de manicura e pedicura previos á aplicación de uñas artificiais
CA3.6 Realizouse a preparación específica da unha natural
CA3.8 Utilizouse a técnica de porcelana con tip
CA3.9 Definiuse o proceso de porcelana con molde
CA3.10 Aplicáronse uñas artificiais con decoracións incluídas
CA5.8 Documentouse graficamente, na ficha técnica, o antes e o despois do proceso

4.7.e) Contidos

Contidos
Proceso de manicura e pedicura previo á execución.
Desenvolvemento de técnicas de uñas artificiais: Técnica de acondicionamento do molde ou tip. Técnica de ancoraxe da aplicación do molde ou tip. Técnica de aplicación de moldes ou patróns. Técnica de elaboración unha de resina-acrílico. Técnica de unha de xel. Técnicas novas de uñas artificiais. Técnicas de mantemento e conservación das uñas artificiais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Uñas artificiais IV. Reconstrucción e mantemento de uñas artificiais	6

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mantén a unha artificial efectuando a súa restauración con técnicas de recheo e renovación	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Aplicáronse as técnicas previas á restauración de uñas artificiais
CA5.2 Recoñeceuse o protocolo de restauración segundo as necesidades da persoa usuaria
CA5.3 Preparouse o lugar de traballo segundo o protocolo
CA5.4 Realizáronse as técnicas de restauración das uñas artificiais polo procedemento de recheo
CA5.5 Restauráronse as uñas artificiais polo procedemento de renovación
CA5.6 Informouse a persoa usuaria acerca das precaucións, os coidados e o mantemento das uñas artificiais

4.8.e) Contidos

Contidos
Desenvolvemento de técnicas de uñas artificiais: Técnica de acondicionamento do molde ou tip. Técnica de ancoraxe da aplicación do molde ou tip. Técnica de aplicación de moldes ou patróns. Técnica de elaboración unha de resina-acrílico. Técnica de unha de xel. Técnicas novas de uñas artificiais. Técnicas de mantemento e conservación das uñas artificiais.
Técnicas de restauración de uñas artificiais. Procedemento de eliminación de uñas despegadas. Procedemento de eliminación total das uñas. Procedemento de recheo. Procedemento de renovación.
Técnicas para uñas especiais: pequenas, rotas e tortas.
Técnicas de arranxo da unha partida, estelada ou rota, tanto natural como artificial.
Preparación e coidados das uñas naturais.
Ficha de seguimento.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Análisis e control de calidade nos procesos de uñas artificiais.	3

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza a calidade do proceso aplicando os protocolos establecidos pola empresa	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Avaliouse a calidade, o proceso e os parámetros para observar resultados
CA6.2 Definíronse as pautas para realizar o control de calidade da prestación do servizo
CA6.3 Avaliáronse os resultados e o grao de satisfacción da persoa usuaria mediante a realización dun cuestionario tipo
CA6.4 Estableceuse o método de tratamento de queixas

4.9.e) Contidos

Contidos
Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.
Avaliación e control de calidade.
Avaliación do grao de satisfacción da clientela na aplicación de uñas artificiais.
Información á persoa usuaria sobre os coidados e o mantemento do proceso.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Describir, seleccionar, preparar, aplicar e manipular correctamente os cosméticos, útiles e equipamentos empregados nos procesos de elaboración de uñas artificias.
- Preparar e protexer o/a profesional e o/a cliente para os servizos de elaboración de uñas artificias.
- Adoptar a posición anatómica axeitada durante o proceso de elaboración de uñas artificias.
- Preparar e acondicionar as uñas.
- Seleccionar, preparar e colocar correctamente os tips/moldes
- Executar os distintos estilos e técnicas de uñas artificias usando as diferentes ferramentas e cosméticos, adecuados ás necesidades do/a cliente.
- Aplicar a técnica de limpeza, desinfección e esterilización dos instrumentos necesarios para o proceso elaboración de uñas artificias.
- Asesorar á clientela

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada avaliación será un número enteiro do 1 o 10 e para o seu cálculo terase en conta a suma das puntuacións ponderadas dos CA da avaliación. A avaliación será continua. A nota da avaliación final (N) será un número enteiro do 1 ó 10, e para o seu cálculo terase en conta a suma das puntuacións ponderadas dos CA e das UD de todo o curso. Aplicarase a seguinte fórmula:

$$N = 8 \text{ UD}1 + 4 \text{ UD}2 + 8 \text{ UD}3 + 18 \text{ UD}4 + 17 \text{ UD}5 + 18 \text{ UD}6 + 18 \text{ UD}6 + 6 \text{ UD}7 + 3 \text{ UD}8$$

Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5 e para facer a nota media será indispensable que teñan superada cada unidade.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Exercicios e probas escritas:

- Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.
- Representacións gráficas.
- Elaboración de resúmenes e exercicios.
- Traballos escritos ou de investigación.

Exercicios e probas orais: respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos tratados.

Exercicios e probas prácticas

Establecerase un número de traballos mínimo, e poderán ser individuais ou en grupo. Indicarase en cada caso.

Aclaracións dos instrumentos de avaliación:

PROBAS ESCRITAS E/OU PRÁCTICAS

Valoración negativa dos alumnos/as sorprendidos con algún medio para copiar nun exame. Terá que entregar o exame e a avaliación estará suspensa.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

Os traballos e as probas prácticas mínimas a realizar na aula en cada avaliación organizaranse do seguinte xeito:

1ª Avaliación:

- Realización de 2 exercicios mínimos de esmaltado semipermanente :
 - 1 esmaltado liso
 - 1 esmaltado francesa
- Decoración de uñas
 - 6 uñas decoradas. 3 serán con motivos de Samaín e 3 de Nadal. Dous modelos serán os mesmos para toda a clase e 4 poderán ser elixidos por cada alumn@ entre os propostos.
- Uñas construídas con acríxel ou sistema híbrido:
 - Unha man de maniquí con manicura lisa sobre tip
 - Unha man de maniquí con manicura francesa sobre molde
 - Unha man real con tip
 - Unha man real con molde
- Uñas construídas con xel:
 - Unha man de maniquí con manicura lisa sobre molde
- Proba de fin de avaliación: modelo real (unha man) uñas esculpidas con acríxel.

2ª Avaliación:

- Decoración de uñas.
 - 6 uñas decoradas. Dúas terán motivos relacionados co 14 de febreiro.
- Deberanse incluír as seguintes técnicas:
 - Baixo relieve ou encapsulado
 - Alto relieve ou 3D con xel, acrílico e plastilina.
 - Deslizado
 - Marmoreado
 - Motivo floral
 - One stroke
 - Difuminado
- Uñas construídas con xel:
 - Unha man de maniquí con manicura francesa sobre molde
 - Unha man de maniquí con manicura Babyboomer sobre molde.

Uñas construídas con acrílico:

- Unha man de maniquí con construción lisa con acrílico sobre molde.
- Unha man de maniquí con construción francesa con acrílico sobre molde
- Unha man real con construción acrílica francesa sobre molde

Recheo en uñas de xel e acrílicas

Proba de fin de avaliación: modelo real (una man) uñas esculpidas con acrílico sobre molde.

Nos traballos e probas a realizar na aula valórase:

- Imaxe e hixiene persoal
- O interese polo traballo que se realiza, actitude cara a persoas do entorno, vocabulario adecuado, discreción, fomento da convivencia, ser colaborativo, amosar empatía...
- O número de traballos realizados, calidade de resultados e do proceso, dificultade e variedade dos traballos...
- Hixiene e orde das instalacións en xeral e do propio posto e material de traballo en particular. Preparación do posto de traballo
- Preparación e protección do modelo e do profesional.
- Hixiene postural.
- Diagnóstico e selección do proceso en base ó mesmo.
- Selección de material e de cosméticos necesarios.
- Orde na execución
- As habilidades, destrezas desenvoltoas durante a execución dos traballos.
- A iniciativa, creatividade, dinamismo, curiosidade en temas profesionais.
- Recepción e atención da clientela e modelos.
- O tempo de execución.
- Participación activa do alumno nas clases e en actividades extraescolares.
- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos ou compañeiros que se lle adxudiquen.

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Valorarase (no apartado de traballos) a participación en actividades extraescolares que complementan a formación do alumnado, realizándose seguidamente traballos ou exercicios sobre as mesmas.
- As actividades relacionadas co módulo que se organicen (centros alleos ó IES, xornadas de formación, conferencias, desfile), serán puntuables sempre e obrigatorias as realizadas en horario escolar. As que se realicen fora do horario escolar puntuarán para subir nota.
- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente.
- A avaliación é continua, polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzo e evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor aumentar a nota da 3ª avaliación e final ata 1 punto como recompensa ó esforzo e traballo realizado.
- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para superar o módulo.

As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano. Se non houbera suficientes modelos no centro, os alumnos traerán os seus propios modelos.

Os alumnos teñen que posuír o seu propio material, limpo e desinfectado, en orde e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

Caso de non se presentar a un exame ou proba

Se un alumno/a non se presenta a unha proba (con causa xustificada) repetiráselle a proba e terá dereito á recuperación correspondente, en caso necesario. Se a ausencia non está debidamente xustificada, a proba non se repetirá e o alumno/a deberá presentar directamente á proba de recuperación na data que se indique, perdendo polo tanto unha oportunidade.

Caso de non presentar en prazo un traballo

Se un alumno/a non presenta un traballo no prazo establecido, a cualificación será un cero. En todo caso, e aínda que a cualificación do traballo non é recuperable, a súa entrega será condición imprescindible, antes da avaliación, para poder aprobar. De non entregalo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

Caso de non presentar todos os traballos e exercicios mínimos

O alumno/a que non presente todos os traballos mínimos esixidos antes do fin da 2ª avaliación ou que non a supere, poderá optar a realizar un exame final teórico-práctico no que se inclúen os contidos de todo o curso e deberá superar ambas partes, acadando o 50% da nota que corresponde. A proba comezará coa realización da parte teórica, e so en caso de superala, se realizará a parte práctica.

Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daráselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase, practicando os traballos de maior dificultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De tódalas probas que se suspendan, farase unha recuperación ó longo da avaliación seguinte.

MÓDULO NON SUPERADO

Caso de ter suspendido na avaliación previa a FCT, elabóraselle un informe de avaliación individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non acadados. Programaranse actividades e proba a realizar para a súa recuperación durante a terceira avaliación, e proporcionarase información sobre o período de realización, temporalización e data na que será avaliado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas.

Este alumnado ten dereito a realizar unha proba final de avaliación de módulo previa á fct, e a cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do mesmo. Esta proba poderá abarcar a totalidade da materia vista durante o curso tanto teórica como práctica. A data de celebración da proba será acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro, e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Será una proba teórico-práctica:

Duración: 4 horas

Contido da proba:

- Proba escrita
- Proba práctica:
 - Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.
 - Realización dun traballo de escultura de unllas con xel.
 - Realización dun traballo de escultura de unllas con acríxel.
 - Realización dun traballo de escultura de unllas con acrílico.
 - Realización das técnicas de decoración de unllas indicadas.

Será requisito indispensable superar a proba escrita para realizar a continuación a proba práctica.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realizar a proba e o material necesario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se

é o caso.

A actividade docente:

- Será avaliada polo propio docente mediante unha análise dos obxectivos acadados e das dificultades atopadas.
- Proporcionarase ó alumnado unha enquisa a final de curso para que realice a valoración dende o seu punto de vista.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto:

- Analizar a avaliación inicial feita ó alumnado
- Coñecer as características, limitacións, formación académica e profesional previa de cada un, así como as súas capacidades e obxectivos.
- Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o que permite ó profesorado seleccionar os máis adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os máis axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos.

Ó alumnado que non acade ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación asociados. Ó alumnado con capacidades por enriba da media, proporcionaráselle exercicios e orientacións para maximizar os resultados e estimular o seu interese.

As actividades de reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e de afondamento:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumnos/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar dende idade moi temperá a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respectuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

Educación para a saúde. É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de todo o curso. O

coñecemento do corpo dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas.

Tamén se analizará nas clases, a relación entre a saúde persoal, os hábitos posturais na vida laboral e exercicio físico.

Instrumentos empregados:

- Presentación en power point do tema de hixiene e desinfección nas actividades do módulo.
- Protocolo Covid establecido polas autoridades sanitarias, educativas e o equipo Covid do centro escolar.
- Prácticas de hixiene en cada clase e no futuro laboral.
- Nas clases de análise e diagnóstico de uñas para a realización de uñas artificiais, afondarase na relación entre a saúde e beleza das uñas e a saúde xeral e os hábitos nocivos (tabaco, drogas...).
- Presentación en power point do tema de ergonómia aplicada ó módulo.
- Indicación dalgúns exercicios básicos para previr as principais alteracións consecuencia da actividade laboral.

Temporalización:

Ó longo de todo o curso.

Educación do consumidor. Importancia ten tamén unha boa alimentación para o noso pelo, pel e unllas. Pretendemos a responsabilidade tanto dos alumnos como dos consumidores. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas).

Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Instrumentos utilizados:

- Nas clases de análise e diagnóstico de uñas para a realización de uñas artificiais, afondarase na relación entre a saúde e beleza das uñas e a saúde xeral e os hábitos alimenticios.
- Realización de comparativas fotográficas de uñas saudables e non saudables.

Temporalización:

1ª avaliación, na unidade 2.

Educación para a paz. Incentivar a solidariedade entre os humanos fomentando o altruísmo (doazón de sangue, órganos...)

Instrumentos utilizados:

- Unha charla impartida por persoal e voluntarios da AECC
- Unha charla con voluntarios colaboradores con afectados por cancro no hospital de Monforte (Carriño solidario)

Temporalización:

1ª avaliación. Pode variar en función da dispoñibilidade dos relatores.

Educación para a igualdade entre os sexos: Dende calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando usar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introducir a dimensión de igualdade.

O tema tratarase en especial no momento que se afonde nas actitudes e aptitudes do profesional, a inicio de curso.

Instrumentos utilizados:

- Visualizarase un vídeo que amose actitudes discriminatorias para fomentar o debate entre o alumnado.
- Visualizarase un vídeo relacionado coa discriminación no noso sector profesional, para fixar as pautas de comportamento correctas.

Temporalización:

1ª avaliación. Cando se trate o tema "O profesional. Actitudes e aptitudes". Aínda que se practicará ó longo de todo o curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en concursos relacionados coa profesión.

- Visitas a feiras profesionais, congresos..., de tipo profesional e/ou cultural.

- Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector tanto dentro como fora das instalacións do centro escolar.
 - Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de peiteados e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.
 - Visitas a distintos medios de comunicación.
 - Visitas a produtoras audiovisuais
 - Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos, de cabelo...
 - Realización de prácticas fora do centro educativo dentro e fora de horas lectivas, noutros centros públicos ou privados, sempre que se considere oportuno e a situación o permita.
- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...
- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...

10. Outros apartados

10.1) Recuperación de contidos indispensables non impartidos durante o curso 2019/20

10.2) Ensino online ou semipresencial

A incerta situación sanitaria actual provocada polo Covid19 require que se contemplen posibles estados excepcionais ó longo do curso, con ausencias temporais de alumnado e incluso suspensión de clases presenciais, facendo previsión das medidas a tomar neses casos.

Con ese fin, comprobarase, a principios de curso e durante a avaliación inicial do módulo, a dispoñibilidade de medios TIC, conexión a internet e de teléfono móbil (con cámara e gravadora/reprodutora de vídeo) por parte de todo o alumnado.

No caso de que o cumprimento de aforo nas aulas, confinamento temporal dalgún alumn@ ou de todo o grupo aconsellen o ensino semipresencial ou online, procederase como segue:

- Aquel alumnado que presente carencias de medios Tic, e se a situación o require, facilitaráselle por parte do centro de ensino, sempre que sexa posible, o material informático necesario para o seguimento das clases.

De non ser así, proporcionaráselle o material impreso e audiovisual necesario a través de whatsapp ou mediante entrega directa no IES.

- Tamén se porá á disposición do alumnado, que o precise e así o indique, o material necesario para a realización dos exercicios prácticos propostos; sendo necesario firmar un impreso no que se indique o material prestado.

- Habilitarase o curso "Técnicas de uñas" na aula virtual do IES A Pinguela, onde estarán a disposición de todo o grupo os apuntes, material audiovisual e orientacións necesarias para completar o curso con éxito e que será utilizado habitualmente, con independencia da presencialidade/non presencialidade do ensino.

- A comunicación profesor/alumn@, entrega de traballos e exercicios, correccións..., realizarase preferentemente a través da aula virtual. En casos excepcionais xustificados, poderase utilizar a tal fin o email ou whatsapp.

- De se producir a suspensión das clases presenciais, ademais de utilizar o curso da aula virtual, realizaranse as clases semanais por videoconferencia que indique a normativa no horario habitual de clases.

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación e mínimos esixibles, serán os previstos no apartado 5. Proporanse traballos e exercicios realizables tanto en clases presenciais como nunha situación de suspensión de clases, e serán entregados a través do curso da aula virtual.

Suporán unha excepción, ós traballos prácticos propostos que teñan como obxectivo a obtención de material elaborado, como uñas decoradas, construcións de uñas en maniquí..., dos que se deberá subir o protocolo ilustrado á aula virtual e entregar a peza rematada (non presentable vía



online) á profesora na aula ou a través do canal que se habilite dependendo da situación.

Os exames previstos para ser realizados de xeito presencial, serán adiados so para aqueles alumn@s que xustifiquen segundo normativa a súa ausencia. De se producir a suspensión de clases presencias, poderán ser substituídos por exames ou traballos online .